



# ACSUC

AXENCIA para a CALIDADE do  
SISTEMA UNIVERSITARIO de  
GALICIA

plan estratéxico  
2016>>2020



# ÍNDICE

## INTRODUCCIÓN

### A. MISIÓN, VISIÓN, VALORES

MISIÓN

VISIÓN

VALORES

### B. QUEN, COMO, CON QUE

EIXE DA CALIDADE INTERNA

EIXE DA DIRECCIÓN ESTRATÉXICA

EIXE DO PERSOAL

EIXE DOS RECURSOS PROPIOS E ALIANZAS

### C. QUE

EIXE DOS PROGRAMAS DA AXENCIA

EIXE DA INTERNACIONALIZACIÓN

### D. PARA QUE

EIXE DA RENDICIÓN DE CONTAS, INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

## INTRODUCCIÓN

Un plan estratéxico é un documento, acordado dentro dunha organización, no que se describen os seus obxectivos de desenvolvemento e a maneira na que se pretende alcanzalos. Forma parte da política de calidade que toda institución, especialmente aquelas que cumpren funcións sociais relevantes, debería incorporar á súa dinámica de funcionamento.

Nese marco, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), como institución de dereito público e comprometida coa garantía de calidade da Educación Superior en Galicia, asumiu como prioritario o feito de dispoñer dun Plan estratéxico que defina con suficiente claridade os obxectivos estratéxicos que quere alcanzar nos vindeiros anos e que prevexa os mecanismos e actuacións precisos para que os devanditos propósitos se cumpran.

O Plan estratéxico que se describe deseguido pretende, igualmente, actuar como un recurso de diálogo entre a ACSUG, a Administración Educativa, as universidades galegas e a sociedade. A definición do sentido e misión da Axencia e mais os eixes estratéxicos a través dos cales pretende articular o seu desenvolvemento institucional nos vindeiros anos servirán como carta de presentación do que a ACSUG é e pretende chegar a ser ao servizo de Galicia. Partindo da análise do que é e do que veu facendo, das súas fortalezas e debilidades, o Plan estratéxico concreta o xeito no que a ACSUG se propón reforzar unhas e neutralizar as outras.

Na súa redacción participaron todas as instancias que actualmente constitúen a Axencia: Órganos consultivos, Dirección, Persoal técnico, Persoal administrativo e Colaboradores externos (avaliadores, representantes de institucións vinculadas, etc.). O proceso, que coordinaron axentes externos á propia Axencia, incluíu diversas fases: (a) fase de diagnóstico da situación a través da confección dun DAFO institucional; (b) fase de debate e consenso sobre as valoracións emitidas e os aspectos que se poden rescatar do DAFO; (c) fase de elaboración da primeira proposta de borrador do Plan; (d) fase de debate e consenso sobre o borrador; (e) fase de proposta definitiva do Plan estratéxico; (f) fase de aprobación do Plan estratéxico.

Apoiándose na estrutura dos modelos de garantía de calidade, o Plan estratéxico da ACSUG 2016-2020 está organizado en 4 grandes apartados. O primeiro senta as bases da Misión, Visión e Valores da Axencia. O segundo refírese aos Axentes implicados e nel expónense as cuestións referidas ao quen, como e por que dos procesos de mellora que se pretenden abordar. O terceiro apartado céntrase nos procesos que desenvolve a Axencia e no tipo de melloras que espera deles nos vindeiros anos. Finalmente, o último bloque de propostas está orientado aos resultados.

Para cada un deses 4 apartados sinálanse eixes estratéxicos arredor dos cales se organiza o proceso de mellora. Cada eixe concrétase tamén en obxectivos estratéxicos e estes en obxectivos operativos. Finalmente, cada obxectivo operativo proxéctase sobre accións concretas que haberá que definir en cada momento e segundo as condicións nas que

se vaia actuar. Esta estrutura que conduce do desexo á acción resulta necesaria para que o Plan non quede nun esquema propositivo de iniciativas ben intencionadas, senón que constitúa unha folla de ruta viable e axustada ás necesidades e posibilidades reais da ACSUG e se converta así nun proxecto de desenvolvemento institucional que poida ser asumido como o compromiso colectivo que vai orientar o esforzo de mellora da Axencia nos vindeiros cinco anos.

## A. MISIÓN, VISIÓN, VALORES

### MISIÓN

A ACSUG ten a misión fundamental de promover e de velar pola garantía da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), incidindo na súa mellora continua e transmitíndolle á sociedade información relevante sobre as actividades realizadas e os seus resultados, para que o SUG estea sempre adaptado á situación social e económica en cada momento.

### VISIÓN

AACSUG busca ser unha axencia de contrastada calidade e eficiencia e ser recoñecida como tal, tanto a nivel nacional como internacional, no ámbito da garantía da calidade universitaria, traballando sempre baixo os principios de independencia, obxectividade e transparencia e tomando como base os estándares nacionais e internacionais de garantía da calidade da educación superior.

### VALORES

A ACSUG dispón dun Código Ético, aprobado polo consello de Dirección, que recolle os seus principios e maneira de actuar e que reforza o compromiso da Axencia coa mellora continua, a transparencia e a excelencia na conduta, e mais coa realización eficaz e eficiente das actividades realizadas. Os principais valores que se recollen no código ético son:

#### **Autonomía**

- Actuar como unha organización que adopta libremente aquelas decisións técnicas e organizativas que respondan fielmente aos criterios de neutralidade e independencia.

#### **Mellora continua**

- Poñer en marcha aqueles mecanismos de autoavaliación e avaliación externa que expliciten os puntos febles da institución e os procesos postos en marcha para superalos.

#### **Responsabilidade**

- Tomar en consideración as condicións de sustentabilidade ambiental, de mellora social e de apoio ao desenvolvemento da calidade de vida en todas as accións que a Axencia desenvolva, tanto no noso país como a nivel internacional.

#### **Profesionalidade**

- Garantir a calidade e profesionalidade do seu persoal, de xeito que aquelas tarefas que esixan un traballo especializado lles serán encomendadas a persoas cualificadas para iso.

### **Accesibilidade**

- Realizar coa máxima transparencia todos os procesos de avaliación e de acreditación que se desenvolvan no seu seo, de tal maneira que os devanditos procesos sexan visibles, en todas as súas fases, para as institucións ou persoas afectadas. Esta accesibilidade esténdese tamén á dispoñibilidade de canles de información permanente para os que estean afectados polas actividades da Axencia.

### **Cooperación con axencias e redes internacionais**

- A política institucional da ACSUG estará permanentemente orientada a colaborar con outras axencias. O estilo de traballo da ACSUG hase de caracterizar por estar sempre aberto a cooperar e a complementarse con todas aquelas axencias e institucións de características e obxectivos similares aos seus.

## **B. QUEN, COMO, CON QUE**

### **EIXE DA CALIDADE INTERNA**

A identificación da ACSUG como entidade de recoñecido prestixio no ámbito da garantía da calidade da educación superior, tanto a nivel autonómico como a nivel estatal e internacional, está estreitamente ligada á calidade dos procedementos que pon en marcha. Para iso é básico e imprescindible o desenvolvemento dun sistema de mellora

continua que permita incidir na eficacia e eficiencia de todas as súas actividades.

Para obter o devandito recoñecemento, resulta decisivo que a Axencia siga a cumprir cos requisitos e estándares establecidos polos diversos entes internacionais dos que forma parte (ENQA, EQAR, ECA)<sup>1</sup>. Neste sentido, a participación, implicación e consolidación da ACSUG dentro destes organismos debe ser totalmente prioritaria. Do mesmo xeito, o prestixio da Axencia verase reforzado co mantemento doutros selos de calidade que non están exclusivamente ligados ao ámbito da educación: International Organization for Standardization (ISO) 9001 e 14001, Regulamento EMAS (Eco-Management and Audit Scheme), etc.

- **Obxectivo Estratégico 1.** Ao ser a calidade educativa unha realidade complexa e suxeita a demandas que van variando no tempo, a ACSUG fíxase como primeiro obxectivo estratéxico a súa propia actualización orientada ao mellor cumprimento das funcións que a lexislación internacional, estatal e autonómica lle vaian conferindo.

- **Obxectivo operativo 1.1.** Instaurar un proceso permanente de benchmarking en relación a outras axencias nacionais e internacionais que lle permita á

<sup>1</sup> ENQA, European Association for Quality Assurance in Higher Education (Rede Europea de Axencias de Garantía de Calidade).

EQAR, European Quality Assurance Register for Higher Education (Rexistro Europeo de Axencias de Garantía de Calidade da Educación Superior).

ECA, European Consortium for Accreditation (Consortio Europeo de Acreditación en Educación Superior)

ACSUG manterse sempre en vangarda nos aspectos organizativos e mais nos técnicos.

extraer conclusións e información relevante para a mellora continua.

- **Obxectivo operativo 1.2.** Converter as tres calidades mencionadas na visión da Axencia (independencia, obxectividade e transparencia) no seu marco de referencia constante na realización das súas actividades e nun contido explícito das avaliacións ás que se someta.
- **Obxectivo Operativo 2.1.** Reformar os Estatutos da Axencia para adaptalos aos novos Criterios e Directrices para a Garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG).
- **Obxectivo Operativo 2.2.** Reforzar o cumprimento dos criterios e directrices das avaliacións de ENQA de cara a obter dela unha avaliación excelente no ano 2019.
- **Obxectivo Operativo 2.3.** Manter os selos de Calidade e Medio Ambiente ISO 9001, ISO 14001 e Regulamento EMAS reforzando as auditorías internas e externas e todas as actividades de participación do persoal da ACSUG no Sistema de Xestión Interno para
- **Obxectivo Operativo 3.1.** Incidir no sistema de planificación e seguimento interno das actividades desenvolvidas pola Axencia e redefinir os indicadores para que acheguen información sobre a eficacia e eficiencia dos distintos procesos.
- **Obxectivo Operativo 3.2.** Reforzar os procedementos de metaavaliación das avaliacións realizadas pola ACSUG: realizar unha revisión periódica das guías e procedementos de avaliación baseándose na experiencia previa e nos avances e cambios que se producen en canto a metodoloxía a nivel nacional e internacional co fin de optimizar (actualizar, simplificar e mellorar) os procesos de avaliación desenvolvidos na Axencia, reforzando igualmente o intercambio permanente de información coas universidades e cos avaliadores externos.
- **Obxectivo Operativo 3.** Procurar unha simplificación dos trámites administrativos e dos criterios de avaliación, facendo fincapé naqueles aspectos máis relevantes e minimizando ou eliminando os que non acheguen valor engadido.
- **Obxectivo Estratégico 4.** Incidir nos dispositivos organizativos e de coordinación que permitan integrar

axeitadamente na axenda da Axencia as actividades de avaliación non contempladas inicialmente na planificación.

- **Obxectivo Operativo 4.1.** Integrar na programación anual da Axencia as solicitudes de avaliación procedentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Obxectivo Operativo 4.2.** Integrar na programación anual da Axencia os convenios de colaboración procedentes doutras universidades externas ao SUG.

## EIXE DA DIRECCIÓN ESTRATÉGICA

Nos momentos actuais non é posible xestionar o día a día dunha organización sen planificar o futuro. A complexidade e o cambio continuo provocan que a Axencia deba asumir novas funcións e abrir novos horizontes. A ACSUG ten claro que é un actor clave na mellora do SUG, pero é consciente de que debe consolidar esa situación harmonizando o traballo cotián co establecemento de obxectivos a curto e medio prazo. Para iso cómpre elixir a estratexia máis axeitada para acadar os obxectivos programados e desenvolver unha estrutura organizativa que permita un aproveitamento eficaz e eficiente dos recursos materiais e, sobre todo, humanos.

- **Obxectivo Estratégico 5.** Aliñar a actuación da Axencia en consonancia coa filosofía de avaliación e acreditación da calidade na Educación Superior

propugnada para a consolidación do Espazo Europeo de Educación Superior e de Investigación.

- **Obxectivo Operativo 5.1.** Manter unha presenza activa nos diferentes foros de debate e toma de decisións no ámbito da garantía da calidade do EEES.
- **Obxectivo Operativo 5.2.** Impulsar a mellora da difusión das actividades e resultados da Axencia no contexto nacional e internacional.
- **Obxectivo Operativo 5.3.** Impulsar a colaboración da ACSUG no desenvolvemento en Galicia de debates e accións formativas nacionais e internacionais relacionadas coa xestión da calidade na Educación Superior.
- **Obxectivo Estratégico 6.** Asegurar o uso eficiente dos recursos humanos e materiais e mais a súa actualización para realizar con solvencia todos os procesos que se desenvolven na Axencia.
- **Obxectivo Operativo 6.1.** Reforzar o desenvolvemento de Plans de Traballo aliñados cos obxectivos operativos que, unha vez aprobados pola Dirección da ACSUG, servirán para establecer o Plan Operativo da Axencia.



- **Obxectivo Operativo 6.2.** Impulsar a Formación lingüística do persoal, sobre todo en lingua inglesa, para facilitar a consecución dos obxectivos ligados ao Espazo Europeo de Educación e de Investigación.
- **Obxectivo Operativo 6.3.** Optimizar o software e aplicacións informáticas da Axencia para afrontar as complexidades dos novos sistemas de avaliación.
- **Obxectivo Operativo 6.4.** Articular os tempos e espazos de traballo para aliñalos cos novos ámbitos de actuación da Axencia.
- **Obxectivo Estratégico 7.** Garantir unha xestión financeira eficiente e transparente para atender con solvencia os procesos que se desenvolven na Axencia e mais os axentes que os desenvolven.
- **Obxectivo Operativo 7.1.** Manter e reforzar o sistema actual de financiamento plurianual polas facilidades que ofrece para unha programación sostible das accións da Axencia.
- **Obxectivo Operativo 7.2.** Comprometerse coa transparencia no establecemento de convenios e na xestión dos recursos económicos da Axencia.
- **Obxectivo Estratégico 8.** Darlles maior visibilidade ás actividades da ACSUG para os distintos grupos de interese, especialmente para a comunidade universitaria galega.
- **Obxectivo Operativo 8.1.** Impulsar un sistema de comunicación orientado ao profesorado universitario e aos estudantes sobre as actividades da Axencia e os procedementos aplicados, facilitando a canalización das súas peticións e suxestións.
- **Obxectivo operativo 8.2.** Impulsar unha relación e interacción sistemática entre a Axencia e as persoas ou institucións avaliadas para coñecer a súa opinión sobre o proceso e a pertinencia dos resultados.
- **Obxectivo operativo 8.3.** Facilitar o coñecemento “in situ” das actividades da Axencia a través de visitas, estadias ou períodos de prácticas para profesores e estudantes nacionais e mais estranxeiros.
- **Obxectivo Estratégico 9.** Reforzar a implicación dos órganos colexiados consultivos e de goberno na consecución dos obxectivos estratégicos da ACSUG.
- **Obxectivo Operativo 9.1.** Elaborar un regulamento de funcionamento dos órganos colexiados que reforce e dinamice os mecanismos de participación efectiva de todas as instancias da Axencia nos diversos procesos desenvolvidos no seu seo.

- **Obxectivo Operativo 9.2.** Fomentar a participación dos representantes dos estudantes e garantir a asistencia de titulares ou suplentes ás reunións dos órganos da ACSUG.
- **Obxectivo Operativo 9.3.** Impulsar a implicación continua do Consello Asesor na definición dos protocolos e metodoloxía de avaliación da Axencia.
- **Obxectivo Operativo 9.4.** Fomentar a implicación das institucións representadas no Consello de Dirección na planificación e o desenvolvemento das actividades da Axencia.
- **Obxectivo Operativo 9.5.** Revisar e actualizar a estrutura e método de traballo da CGIACA coa perspectiva de ir especializando as súas actuacións.

## EIXE DO PERSOAL

O principal valor da Axencia é o seu persoal. Para poder manter e potenciar o nivel de calidade das súas actuacións é necesario un persoal capacitado e motivado.

Tamén resulta necesario adaptar a estrutura da Axencia á situación actual no tocante ao volume de traballo e ás novas actividades que foi asumindo. A súa pertenza á ENQA, que supón a asunción

de novas tarefas, os convenios para a realización de avaliacións de universidades externas ao SUG, a avaliación de proxectos de I+D+i da Xunta de Galicia e as variacións no volume de traballo dalgunhas unidades fai necesario un axuste na estrutura das distintas unidades de persoal que permita abordar con garantía as actividades que ten encomendadas.

Amais do persoal da Axencia, os avaliadores externos (PDI, Estudantes e Profesionais) constitúen unha peza fundamental para o axeitado desenvolvemento das funcións da ACSUG. A selección e formación dos avaliadores e mais a avaliación do seu traballo resultan de grande importancia, xa que a calidade do traballo de cada avaliador, amais de lle afectar ao resto dos membros do Comité, constitúe unha parte fundamental da imaxe da Axencia.

- **Obxectivo Estratégico 10.** Actualizar a Estrutura e Organización interna da ACSUG para adaptala de xeito continuo á situación de demanda de actividades de cada momento.
  - **Obxectivo Operativo 10.1.** Definir unha estrutura organizativa e unha RPT flexibles e adaptadas ás necesidades da Axencia e aos seus ritmos de traballo.
  - **Obxectivo Operativo 10.2.** Crear os mecanismos necesarios para revisar periodicamente a RPT da Axencia.

- **Obxectivo Estratégico 11.** Potenciar o nivel de motivación, satisfacción e implicación do Persoal da Axencia.
  - **Obxectivo Operativo 11.1.** Harmonizar a regulación do persoal da Axencia de xeito que se establezan procedementos claros orientados á estabilización, promoción, política de incentivos, etc, de acordo coa normativa do sector público autonómico.
  - **Obxectivo Operativo 11.2.** Adecuar a organización do traballo na Axencia, dotándoa de flexibilidade abonda como para lles dar resposta adecuada ás necesidades do persoal nos eidos da conciliación, da igualdade de xénero, das substitucións, do teletraballo, etc.
- **Obxectivo Estratégico 12.** Establecer un Plan de Formación do persoal acorde coas funcións que cada sector estea chamado a desempeñar no novo organigrama da Axencia.
  - **Obxectivo Operativo 12.1.** Diseñar un plan formativo adaptado a cada departamento e posto, priorizando as competencias lingüísticas e o dominio dos procesos técnicos.
  - **Obxectivo Operativo 12.2.** Mellorar a formación de todo o persoal sobre os procedementos para poder abordar con garantía as funcións asignadas esporadicamente.
- **Obxectivo Operativo 12.3.** Establecer un plan de comunicación e cooperación interna, orientado á transferencia do coñecemento entre os distintos departamentos para dotar a todas as unidades de información actualizada útil e transversal.
- **Obxectivo Estratégico 13.** Desenvolver un sistema integral de captación e permanencia de avaliadores e expertos que garanta a súa competencia, formación, ética e prestixio.
  - **Obxectivo Operativo 13.1.** Mellorar os procedementos de selección, acollida, seguimento e avaliación de avaliadores nacionais e internacionais, enriquecendo as bases de datos de expertos e mantendo un historial actualizado da súa participación.
  - **Obxectivo Operativo 13.2.** Incidir na formación dos avaliadores actuais, especialmente cando se modifica unha guía ou baremo e cando se incorporan novos membros, e realizar xornadas e cursos de formación para avaliadores futuros.
  - **Obxectivo Operativo 13.3.** Impulsar os mecanismos de compensación e rotación de avaliadores externos orientados a reforzar a súa implicación efectiva na mellora dos procesos que desenvolven para a Axencia.

## EIXE DOS RECURSOS PROPIOS E ALIANZAS

Os recursos e as alianzas non son un fin en si mesmo, senón un medio para poder levar a cabo os procesos que se desenvolven na Axencia. Para iso cómpre dispoñer de espazos e medios materiais e tecnolóxicos axeitados e mais de recursos financeiros suficientes.

- **Obxectivo Estratégico 14.** Definir o mapa de Recursos Materiais, Tecnolóxicos e Financeiros necesarios para o desenvolvemento das funcións da Axencia cos niveis de calidade axeitados.
- **Obxectivo Operativo 14.1.** Mellorar a dispoñibilidade e uso dos espazos e medios materiais da Axencia de xeito que se poidan cumprir con garantía a función de arquivo e custodia dos datos manexados.
- **Obxectivo Operativo 14.2.** Incidir na mellora dos medios tecnolóxicos e ferramentas informáticas da Axencia e adoptar sistemas de traballo baseados nos medios telemáticos existentes.
- **Obxectivo Operativo 14.3.** Impulsar o traballo a distancia entre os distintos grupos de interese da Axencia mediante o sistema de videoconferencia ou outros medios telemáticos existentes.

- **Obxectivo Operativo 14.4.** Establecer un cadro de previsións financeiras actualizado que permita deseñar con seguridade as accións da Axencia a curto e medio prazo.
- **Obxectivo Estratégico 15.** Alianzas e convenios para compartir recursos.
- **Obxectivo Operativo 15.1.** Participar de maneira activa cos organismos que traballan pola garantía da calidade da educación superior (REACU, CURSA<sup>2</sup>,...) e mais con outros organismos e institucións do eido empresarial e socioeconómico mediante o intercambio mutuo de recursos, experiencias, coñecementos, etc.

## C. QUE

### EIXE DOS PROGRAMAS DA AXENCIA

A misión fundamental da ACSUG é a de levar a cabo actividades para contribuir á mellora da calidade do SUG e, como complemento e apoio a este obxectivo prioritario, colaborar na mellora doutras institucións de educación superior españolas e estranxeiras a través dun proceso cíclico, eficaz e eficiente de avaliación e apoio para a mellora continua. Como consecuencia, as actividades establecidas por lei e nos estatutos da ACSUG son as primordiais para a Axencia, xa que son

<sup>2</sup> REACU, Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria.

CURSA, Comisión Universitaria para a Regulación do Seguimento e a renovación da Acreditación.

o seu motivo principal de existencia.

- **Obxectivo Estratégico 16.** Desenvolver procesos de Avaliación e Estudos con rigor, obxectividade e transparencia, achegando información útil e relevante que sirva de base á mellora continua do sistema universitario.
  - **Obxectivo Operativo 16.1.** Velar pola calidade do SUG, levando a cabo as actividades que a normativa lle encomende, executando con rigor os procedementos e protocolos aprobados baixo os principios de independencia, obxectividade e transparencia e tomando como base os estándares nacionais e internacionais de garantía da calidade da educación superior.
  - **Obxectivo Operativo 16.2.** Tomar maior protagonismo na avaliación de programas de I+D+I.
  - **Obxectivo Operativo 16.3.** Manter o compromiso da Axencia co seguimento dos egresados do SUG, continuando cos estudos de inserción laboral por sectores, coa análise das competencias máis demandadas, etc. e poñendo en marcha outro tipo de estudos dirixidos a outros grupos de interese, como por exemplo os empresarios.
  - **Obxectivo Operativo 16.4.** Buscar acordos coas Universidades do SUG para analizar aqueles programas propios que queiran someter avaliación.

- **Obxectivo Estratégico 17.** Promover unha cultura da calidade nas universidades do SUG a través de debates e iniciativas sobre a calidade universitaria.
  - **Obxectivo Operativo 17.1.** Impulsar unha maior implicación das comisións de calidade e dos coordinadores das titulacións nos procesos de avaliación.
  - **Obxectivo Operativo 17.2.** Incorporar a todos os grupos de interese (decanos, profesorado, persoal auxiliar e de servizos, estudantes, egresados, empregadores, etc.) no desenvolvemento dunha cultura da calidade.
  - **Obxectivo Operativo 17.3.** Impulsar a organización de foros e eventos relacionados coa xestión da calidade na Educación Superior e co papel que deben desempeñar nela os diversos grupos de interese da comunidade académica.

## EIXE DA INTERNACIONALIZACIÓN

A participación en proxectos e actividades internacionais é fonte de prestixio e de aprendizaxe para a Axencia. Ao mesmo tempo, estas actividades poden servir de canle para establecer redes de colaboración coas universidades do SUG. É necesario planificar unha expansión equilibrada na asunción de funcións para asegurar a estabilidade e a calidade das súas actuacións que lle permita gañar espazo fóra do SUG, tanto en España como no ámbito

internacional.

- **Obxectivo Estratégico 18.** Fomentar a presenza da ACSUG nos organismos internacionais dos que forma parte.
- Obxectivo Operativo 18.1. Reforzar o papel da ACSUG como membro de ENQA, EQAR e ECA, participando de xeito máis significativo nos seus grupos de traballo e asegurar que o coñecemento adquirido retorna á Axencia e contribúe á súa mellora.
- **Obxectivo Operativo 18.2.** Impulsar a participación da ACSUG naquelas institucións e redes de garantía de calidade da Educación Superior que poidan enriquecer os seus procedementos e ampliar a visibilidade das súas actuacións.
- **Obxectivo Estratégico 19.** Consolidar e potenciar os proxectos de avaliación e asesoramento internacional que está a desenvolver a Axencia.
- **Obxectivo Operativo 19.1.** Elaborar un protocolo de condicións e liñas básicas de actuación con respecto ás actuacións internacionais da Axencia, de xeito que se garanta un equilibrio adecuado entre as actividades ordinarias vinculadas ao SUG e aquelas que se desenvolven a demanda doutras universidades nacionais ou internacionais.

- **Obxectivo Operativo 19.2.** Manter as actividades que está a realizar baixo convenio con universidades españolas alleas ao SUG e analizar as posibilidades de extensión a outras universidades.
- **Obxectivo Operativo 19.3.** Potenciar a liña existente de colaboración con universidades alleas ao Sistema Universitario Español, creando os mecanismos necesarios para realizar os axustes de contexto que se deban levar a cabo nas respectivas guías e procedementos.
- **Obxectivo Operativo 19.4.** Establecer os procedementos precisos para incorporar nos Comités de Avaliación a profesores e estudantes do ámbito das universidades avaliadas alleas ao SUG.

## D. PARA QUE

### EIXE DA RENDICIÓN DE CONTAS, INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

A Axencia ten unha dobre vertente. Por unha banda, ha de ser un órgano de apoio para a mellora da calidade do SUG e, por outra, ha de transmitirle á sociedade información sobre as actividades desenvolvidas para facilitar un maior coñecemento do Sistema Universitario á hora de tomar decisións. Esta dobre vertente fai

necesario realizar dúas actividades paralelas. En primeiro lugar, cómpre que os grupos de interese (universidades, PDI, estudantes, PAS, empregadores e sociedade) perciban que as avaliacións da Axencia son un medio para a mellora continua do sistema universitario. En segundo lugar, cómpre impulsar a transparencia das súas actividades para que a sociedade coñeza os resultados do seu traballo e poida tomar decisións con maior información.

- **Obxectivo Estratéxico 20.** Mellorar a transparencia e a xeración de información relevante do Sistema Universitario proporcionándolla á sociedade dun xeito claro e facilmente accesible para os distintos grupos de interese.
  - **Obxectivo Operativo 20.1.** Desenvolver unha política para chegar aos medios de comunicación e ás redes sociais, dándolle visibilidade á Axencia nas universidades e na sociedade.
  - **Obxectivo Operativo 20.2.** Instaurar mecanismos dixitais de información (tipo newsletter ou revista dixital) para manter unha comunicación actualizada cos distintos grupos de interese das actividades da Axencia (novas, convocatorias, actividades, informes, etc.).
- **Obxectivo Estratéxico 21.** Darlle a coñecer as actividades da ACSUG á sociedade para promover a mellora continua da educación superior.
  - **Obxectivo Operativo 21.1.** Fomentar as accións de documentación e metaavaliación das actividades desenvolvidas pola Axencia, que se concretarían en informes sectoriais e na memoria anual.
  - **Obxectivo Operativo 21.2.** Promover vías específicas e diferenciadas de acceso á información e ás actividades da ACSUG, especialmente a través da páxina web, por parte dos estudantes universitarios, futuros estudantes, pais, institucións educativas, empregadores e sociedade en xeral.
  - **Obxectivo Operativo 21.3.** Desenvolver actividades (xornadas, grupos de traballo, debates, xuntanzas, simposios, etc.) con organizacións que poidan resultar de interese, de xeito que a ACSUG sexa ponte e confluencia entre as universidades do SUG, os entes avaliados, o tecido empresarial, os colexios profesionais, os estudantes, etc. e sirva de centro unificador de toda esa rede, onde se aposte pola posta en común de todas as inxerencias e ideas de futuro do sistema universitario.
- **Obxectivo Estratéxico 22.** Solicitar información dos egresados e demais grupos de interese que axude á mellora do sistema universitario.
  - **Obxectivo Operativo 22.1.** Facilitar a interacción e intercambio de comunicación ascendente e descendente

para obter a opinión de todos os grupos de interese e que esta reverta na mellora das actividades da ACSUG.

- **Obxectivo Operativo 22.2.** Xerar unha rede de informantes habituais e mellorar a visibilidade do enlace do correo de suxestións na páxina web, para fomentar o seu uso e axudar así á recepción de propostas de mellora do sistema universitario e da propia Axencia.

**Santiago de Compostela 12/07/2016**





